



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

BONO RENOVA DOS NEGOCIOS DE AUTÓNOMOS

O luns día 03 de febreiro saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre as axudas do Programa do bono renova dos negocios das persoas traballadoras autónomas, para a realización dunha remuda xeracional ordenada nos negocios.

BENEFICIARIOS

As persoas traballadoras autónomas que vaian transmitir o seu negocio por cese, e que no momento da transmisión estean nalgunha das seguintes situacións:

- a) Que teñan 60 anos ou máis.
- b) Pola declaración de incapacidade total ou absoluta (incluíndo grande invalidez) recoñecida polos órganos competentes da seguridade social.
- c) As persoas herdeiras no caso de falecemento da persoa traballadora autónoma titular do negocio.

Tamén será beneficiaria da axuda a persoa que adquira o negocio.

AXUDAS

- **A persoa transmisora terá unha subvención de 5.000 €** para compensar os gastos derivados do traspaso. No caso de que o negocio teña varios persoas donas a axuda consistirá no pagamento desa contía en proporción á súa participación.

- **A persoa adquirente terá tres liñas de axudas:**

- a) Bono asesoramento:** A persoa adquirente terá unha axuda consistente no pagamento do 100 % cun límite de 3.000 € dos gastos de asesoramento realizados.
- b) Bono formación:** a persoa beneficiaria recibirá unha axuda de ata 6.000 € para realizar formación nas seguintes materias: formación xerencial, xestión comercial ou financeira, marketing dixital ou sobre materias que teñan relación directa co negocio a emprender e así se xustifique.
- c) Bono Inicio de actividade:** será unha subvención para os gastos de inicio de actividade que será dunha cantidade de 5.000 por negocio e terá un incremento de 3.000 por traballador por conta allea de alta na empresa no momento do traspaso e que se comprometa a manter durante un período mínimo de 2 anos.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será **desde o día seguinte ao de publicación da orde no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de setembro de 2020.**

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 07 de febreiro 2020.
O Alcalde.
Asdo.- Roberto Fernández Rico
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

